


O banco de preguntas

Utilízase para crear ou editar preguntas que se organizan en categorías para facilitar o seu emprego no curso. Estas preguntas poden incluírse en calquera cuestionario (ou proba) do propio curso.

Se accede directamente ao banco de preguntas cando crea ou edita un cuestionario (unha proba) ou tamén dende o bloque Administración, no seguinte menú Administración do curso -> Banco da pregunta.

Dende esta ligazón do menú podemos editar as preguntas xa creadas, organizar as preguntas en categorías, importalas e exportalas.



Creación

Teremos as seguintes opcións:



•**Preguntas:** Mostra o listado das preguntas creadas actualmente.

•**Categorías:** Permite ver as categorías creadas e crear novas categorías.

•**Importar:** Esta función permite importar preguntas nunha variedade de formatos mediante un ficheiro de datos. O ficheiro debe de usar a codificación UTF-8.

•**Exportar:** Esta función permite a exportación dunha categoría completa (e calquera subcategoría) de preguntas a un ficheiro. Dependendo do formato de ficheiro seleccionado, algúns datos de preguntas e certos tipos de preguntas pode ser que non se exporten.

Cada unha das preguntas do banco de preguntas inclúe catro iconas que permiten **editar**, **duplicar**, **previsualizar** ou **eliminar** a pregunta. As preguntas que están sendo usadas nalgunha actividade non poden ser eliminadas.

- A icona **editar** permite editar a pregunta mediante o mesmo formulario usado para creala.
- Cando se preme **duplicar** permite duplicar (con ou sen modificacións) a pregunta.
- Cando se preme sobre **vista previa** ábrese unha nova xanela de previsualización que permite comprobar o funcionamento da pregunta.
- Se prememos **eliminar** podemos eliminar esa pregunta, sempre e cando non estea sendo usada nalgunha das actividades do curso.

☐ T	Pregunta	Creada por	Última modificación de
		Nome / Apelido / Data	Nome / Apelido / Data
☐ ..	Pregunta 1 de verdadeiro ou falso	Cafi Platega 21 de Outubro de 2020, 18:18	Cafi Platega 21 de Outubro de 2020, 18:44
☐ 12	Pregunta 3 numérica	Cafi Platega 21 de Outubro de 2020, 18:56	Cafi Platega 21 de Outubro de 2020, 18:56
☐ ::	Pregunta 2 (Escolla múltipla)	Cafi Platega 21 de Outubro de 2020, 18:43	Cafi Platega 21 de Outubro de 2020, 18:46


Co seleccionado:

Eliminar Mover a >> Predeterminado/a para: Probas_usuario.platega (3) ▼

Podemos marcar unha ou varias preguntas e, nos botóns inferiores, eliminalas ou movelas a outra categoría, seleccionándoa no desplegable.

Se pulsamos **Crear unha nova pregunta** ábrese unha nova ventá na que deberemos seleccionar o tipo de pregunta que queremos crear.

Cando escollemos un determinado tipo de pregunta (coincidentes, emparellamento, numérica, verdadeiro ou falso...) abranse os formularios correspondentes para a configuración dos distintos tipos de pregunta.



Tradución incorrecta no idioma galego

No paquete por defecto do idioma galego, aparece incorrectamente traducida como Banco da pregunta. A denominación orixinal é **Question bank** no idioma inglés (idioma orixinal). Tendo en conta o seu funcionamento e a súa utilidade, a tradución correcta debера ser **Banco de preguntas** tanto para o idioma galego como para o idioma castelán.

O **banco de preguntas** funciona como unha base de datos de preguntas de diversos tipos, organizadas en categorías e subcategorías que permiten a súa clasificación así como un acceso rápido a calquera das preguntas permitindo dun xeito sinxelo a súa edición e previsualización